

BIOGRAFÍA



"... Empecei a traballar moi novo, aos 12 anos acabados de cumprir. En Recambios Balsabas, de aprendiz de administrativo pasei a aprendiz de dependente... Despois do dos recambios pasei ás viaxes e traballei nunha axencia que había na esquina do desaparecido edificio Castromil, Viaxes Cantabria, creo que se chamaba. Botar oito ou dez horas ao día entre o remuíño de xentes e aconteceres que daquela era o edificio Castromil, para min, entón, era como estar no centro do universo. Moitos dos personaxes das miñas obras son a lembranza de canto alí vin e vivín, tendo apenas quince anos."
(RVB, inédito para Alvarellos, 1997)

TEATRO INFANTIL E DE RÚA



“Hai tesouros de ouro e de prata. Hainos metidos nun saco que se volven de carbón se non es quen de levalos enteiros para a casa. Ou con figura de caveira mitrada que se alimenta de palabras escritas, a ser posible de contos e novelas de aventuras. Hainos feos... hainos guapos... Pero o mellor tesouro é ter historias que contar e nenos que queiran soñar con elas!”
(cómic promocional de Touporroutou)

COMPOSTELA

DÍAS SEN GLORIA - DOENTES
AS ACTAS ESCURAS - A BURLA DO GALO



"Aínda hai quen os recorda, va-
gando entre a néboa por unha
Compostela posuída pola lou-
cura e polas sombras. Foi aí ao
lado. Neša mesma cidade en
que aínda hoxe tantos esquecen
e tan poucos soñan."
(RVB, *Doentes*, coro inédito)

"CASIANO: Deus santo, que prodixio
(Persignándose.) Mire, alá ao fondo,
naquel alto bretemoso.

DON MAURO: Eu non alcanzo tan
lonxe, Casiano, ben o sabes. Que ves?

CASIANO: A cidade. Oíra falar da súa
grandiosidade, pero nunca supuxen
que fose tanta.

DON MAURO: Corríxeme se me
trabuco. É unha sombra de tellados
harmoniosos recortada sobre o fondo
dun ceo outonizo, da que xorden
como lanzas afiadas dúas torres de
gran maxestade.

CASIANO: Tal que o velame inzado
polo vento de dúas naos inmensas an-
coradas no horizonte."
(RVB, 2013b *Actas*)

DÍAS SEN GLORIA
de Roberto Vidal
Bolaño



DOENTES
de Roberto Vidal Bolaño
PREMIO RAFAEL DIEZ
FINALISTA PREMIO DÍAS DE
CONZALO REI CHAO PEPE SOTO
LUCA CAMAÑO VICENTE d

as
actas
escuras
de Roberto Vidal Bolaño

OUTROS AUTORES

X. L. MÉNDEZ FERRÍN - R. OTERO PEDRAYO
DANIEL CORTEZÓN - BERTOLT BRECHT
OSCAR WILDE - MAXI RODRÍGUEZ



"Parte dun proceso persoal que tiña por obxecto recuperar para o patrimonio teatral galego valores da nosa cultura só tanxencialmente dramáticos... Os valores susceptibles de seren transformados en teatro presentes na obra dalgúns dos nosos creadores plásticos ou literarios: o mundo persoal e literario de Méndez Ferrín no Percival... ou mesmo a fantasía dunha montaxe englobadora de practicamente todo o Teatro de Máscaras de Ramón Otero Pedrayo." (RVB, 2001b Rosalía)

ROBERTO E GALICIA


AGASALLO DE SOMBRAS - RASTROS
COCHOS - MAR REVOLTO - LAUDAMUCO
MEMORIA DE MORTOS E AUSENTES
BILADELA DA MORTE DITOSA



"Non existe pobo con alma sen poetas que o canten, sen creadores que busquen ser expresión do seu ser e estar no mundo. Os dramaturgos son uns deses poetas que ao longo dos séculos viñeron dándolles carta de natureza ás granduras e miserias de cada pobo, de cada cultura. E ningún deles deixou de escoitar o eco desas súas voces das mil maneiras en que se manifestan, nin tan sequera o pobo e a cultura galegas." (RVB, 2003g No existe)


A LINGUA:

"Non acostumo preguntarme por que demos escribo. E moito menos por que estrañas circunstancias o que escribo pretende ser teatro e non outra cousa, ou por que o fago nesta e non naquela lingua. Sucede e basta. Pero cando, malia todo, xorde a ditosa pregunta, as respostas non sempre me gustan ou amoréanseme sen orde nin concerto por múltiples e dispersas. Creo que escribín por demasiadas razóns diferentes. Ás veces, incluso contrapostas. Porque si, por hixiene mental, para cambiar o mundo, para contribuír á liberación das camadas populares galegas, por encarga ás veces, por vaidade case sempre, por aburrimiento, para gañar algún premio, por despeito... ou porque ese ano á túa compañía tócalles producir unha de risa para cubrir perdas..." (RVB, 2003d Actas castelán)




TEATRO URBANO PRESENTE





SAXO TENOR - ANXELIÑOS
CRIATURAS - ANIMALIÑOS - INTEGRAL



"Nalgún recuncho ignorado do noso presente, ten que haber un teatro do hoxe e do aquí posibles. Un teatro con fe abondo en si mesmo e na sociedade en que nace e á que serve, como para ser quen de saír ao encontro de poéticas propias, capaces de traducir en termos de universalidade o particular, e de reafirmar as capacidades potenciais da nosa cultura e dos nosos creadores para se incorporar por méritos propios á dramaturxia e ao teatro universais. Un teatro que lles restituía aos cidadáns o dereito a un lugar de encontro no que se reflectir, co que poidan sentirse identificados e que cheguen a ter como propio." (RVB, 1993b Días. Manifesto inaugural de Teatro do Aquí)



OFICIOS DO TEATRO



"Hoxe en día, asumir conxuntamente un abano de funcións na concepción e execución dun espectáculo demasiado amplo non é fácil e, ás veces, nin desexable. Pero, por outro lado, é natural nun oficio que aspira á globalidade, ao control do que ocorre no escenario, na medida en que tes dominio da maior cantidade de cousas posibles é mellor."

(RVB, en López, 1999)

O NARIZ DE PALLASO, O BUFÓN

SEN IR MÁIS LONXE - CAPRICE DES DIEUX




"O do nariz é outra cousa. Unha manía que vén de vello e que non sei moi ben a onde leva. A primeira vez que se me deu por aí foi para intentar acalar os choros dunha miña irmá de dous anos. Aquel foi o meu primeiro fracaso como comediante (eu debía ter 10 ou 11 anos daquela). Máis adiante faríao..., eu que sei..., por chulería, para facerme notar e chamar a atención...

Hai uns anos ocorrúseme facelo para denunciar un conselleiro de Cultura que andaba impoñendo vetos e por ver de sacarlle as cores a algún que outro compañeiro por non facer nada para impedirlo...

Eu sempre fun un tipo raro, sabes?(...) aínda poñéndome a facer o pallaso(...) non sempre o fago para facer rir, como é o seu natural. Ás veces fágoo só para molestar."

(RVB, 2002c *Sen ir máis lonxe*)



ACTOR



“Había ben anos que non contemplabã un patio de butacas entregado á palabra dun actor de corpo enteiro, que recibe, pola súa vez, a calor do público e devolve un acento fondo, convencido, como se a terra do mellor viño do mundo falase por el.”
(Luca de Tena, crítica a *O desengano do prioiro*)

“Algún día a nosa propia sociedade valorará o feito de que un actor sexa quen de permanecer hora e media sobre un escenario obtendo a atención do espectador, sen lle conceder pausa, sen lle dar descanso, facendo crible un texto que podería resultar insuperable ou inaturable, como prefiran, de se amparar noutra voz e noutros acenos distantes, xa que non distintos, destes cos que o protexe e magnifica RVB; e entendida sexa esta afirmación, non en detrimento dun texto espléndido, senón en exaltación dun traballo que só xentes coma Gassman e poucos máis poderían acometer con éxito. Por iso e mentres ese día non chega, pois paciencia e barallar, Roberto, actor, histrión, monstro.”
(Conde, crítica a *Os papalagui*)

AUDIOVISUAL



"Nese intervalo de tempo no que non se sabía se a escola ía ou non reabrirse, púxose en funcionamento un grupo de xente de aquí de Santiago, con esa mesma vontade de ir estudar cine e, para non perder relación, puxémonos a facer cine aquí, en superoito, cando as películas estaban picadas polo medio, con cámaras domésticas, chamadas "equipo lupa": e para poder manter cinguido ese grupo de cine, constituímos unha compañía de teatro."
(RVB, Fernández, 2011)